



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Didáctica da expresión musical		Código	652G01023
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Chao Fernández, Aurelio	Correo electrónico	aurelio.chao@udc.es	
Profesorado	Chao Fernández, Aurelio	Correo electrónico	aurelio.chao@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Esta asignatura está encaminada a proporcionar aos graduados en Educación Infantil os coñecementos básicos da formación musical, os fundamentos psicopedagógicos, as estratexias didácticas e os procedementos necesarios para programar os contidos Musicais do currículo de Educación Infantil.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen. Manteránse todas as metodoloxías, desenvolvéndose a través do Teams.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican. Non é preciso modificar ninguna metodoloxía.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. En caso de situacions de alarma, atenderase ao alumnado en horario de titorías, e noutros horarios, tanto a través do correo electrónico como da plataforma TEAMS.</p> <p>4. Modificacións na avaliación. Non hai modificacións, xa que está prevista unha avaliación continua. A correspondente presentación do traballo final farase de forma virtual.</p> <p>*Observacións de avaliación: Non hai</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía. Non hai modificacións</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e utilizar cancions para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.		A54	
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Aprender a aprender.		B1	



Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.		B25	
Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.		B22	
Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.	A57		
Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.	A55		
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.	A53		
Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.	A56		

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. Audición: Coñecemento dos elementos que constitúen a manifestación musical a través da práctica auditiva.	<ul style="list-style-type: none"><li>1.1. Calidades do son</li><li>1.2. Elementos constitutivos da música tonal occidental.<ul style="list-style-type: none"><li>1.2.1. Ritmo.</li><li>1.2.2. Melodía.</li><li>1.2.3. Harmonía.</li><li>1.2.4. Forma.</li></ul></li><li>1.3. Análise auditivo da sonoridade.<ul style="list-style-type: none"><li>1.3.1. Timbre.</li><li>1.3.2. Dinámica.</li><li>1.3.3. Textura.</li></ul></li><li>1.4. Realización de dictados.<ul style="list-style-type: none"><li>1.4.1. Melódicos.</li><li>1.4.2. Rítmicos.</li><li>1.4.3. Mixtos.</li></ul></li></ul>
MÓDULO II: Práctica vogal-instrumental.	<ul style="list-style-type: none"><li>2. 1. Individual.<ul style="list-style-type: none"><li>2.1.1. Interpretación de cancións.</li><li>2.1.2. Realización de ritmos con percusión corporal.</li><li>2.1.3. Interpretación de melodías na frauta doce.</li><li>2.1.4. Realización de acompañamientos harmónicos básicos en instrumentos polifónicos.</li></ul></li><li>2.2. Colectiva.<ul style="list-style-type: none"><li>2.2.1. Fundamentos do canto coral.</li><li>2.2.2. Grupo instrumental mixto.</li><li>2.2.3. Improvisación.</li></ul></li></ul>
MÓDULO III. Música, movemento e xogo. Integración de diferentes recursos na expresión musical.	<ul style="list-style-type: none"><li>4.1. Representación espacial do son.</li><li>4.2. Creación e aprendizaxe de coreografías.</li><li>4.3. O conto musicalizado.</li><li>4.4. O xogo musical</li><li>4.5. O teatro musical.</li></ul>



MÓDULO IV: Bases teóricas. Estudio das mais importantes liñas da pedagogía musical xurdidas no século XX	5.1. Métodos relevantes del século XX, entre otros: 5.1.1. Emile Jaques-Dalcroze. 5.1.2. Zoltán Kodály. 5.1.3. Carl Orff. 5.1.4. Edgar Willems. 5.1.5. Justine B. Ward. 5.1.6. Shinichi Suzuki. 5.2. Novos enfoques do ensino musical, entre outros: 5.2.1. David J. Hargreaves. 5.2.2. Keith Swanwick. 5.2.3. Elliot David J. 5.2.4. Lucy Green 5.2.5. David K. Lines
MODULO V: Introducción ás TIC e ás novas tecnoloxías aplicadas ao ensino musical.	6.1. Secuenciación MIDI. 6.2. Edición de partituras. 6.3. Edición de audio. 6.4. Transferencia de archivos. 6.5. Emprego de Software libre

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A53 A54 A55 A56 A57 B22 C3 C8	7	35	42
Proba mixta	A53 A54 A55 A57	1	11	12
Obradoiro	A53 A54	15	21	36
Actividades iniciais	A53 A54 B1 C7	3	0	3
Prácticas a través de TIC	B1 B25	1	5	6
Sesión maxistral	A53 A54 A55 A56 A57	15	30	45
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Realización colectiva dun traballo tutelado que constará de dúas partes: 1. Elaboración dun portafolio que conterá o diseño de catro actividades didácticas baseadas nos obxetivos e no contido propio da materia, sendo a cuarta destas unha proposta didáctica consistente na realización dunha coreografía que, como as outras actividades, deberá contar cunha xustificación, así como coa formulación dos obxetivos e a especificación dos contidos que a sustentan. 2. Unha vez creada a coreografía, será escenificada e gravada en vídeo polos membros de cada grupo, podendo contar, entre outros, cos seguintes recursos complementarios. - Percusión corporal. - Dramatización musical. - Creación de xogos musicais. - Uso de reprodución, medios audiovisuales, musicogramas dinámicos, etc. - Empleo de escenografía e traxes.



Proba mixta	Esta proba realizarase en dúas fases: a primeira (escrita) consistirá na formulación de preguntas e exercicios prácticos relacionados co temario oficial. A segunda (oral) consistirá na execución dunha ou varias cancións (a elección do profesor), dentre as obligatorias do curso. As cancións leeránse e mediranse (solfeo), cantaranse a capella e interpretaranse coa frauta doce.
Obradoiro	Actividades individuais e colectivas que abarcarán os seguintes aspectos na súa dimensión práctica e didáctica: 1. Interpretación vocal. 2. Interpretación instrumental. 3. Práctica auditiva. 4. Aplicación das novas tecnoloxías á práctica e á educación musical.
Actividades iniciais	Valoración dos coñecementos previos do alumnado.
Prácticas a través de TIC	Transcripción dos exercicios teóricos, prácticos e compositivos aos formatos dixitais adecuados, segundo a súa natureza (abertos ou pechados). Estes arquivos serán compartidos e entregados para a súa avaliación mediante as plataformas informáticas que se establezan.
Sesión maxistral	Presentación e desenvolvemento na aula dos conceptos fundamentais dos contidos propostos. Explicación do contido temático por parte do profesorado ou de profesionais especialistas convidados/ás. Cando o profesorado responsable da materia organice concertos, conferencias, seminarios, congresos ou charlas sobre temáticas relacionadas coa materia, serán consideradas tamén dentro deste apartado, e por tanto de obrigada asistencia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Os traballos tutelados e a proba mixta requieren atención personalizada, por iso as tutorías terán unha importancia relevante para resolver as dúbidas que o alumnado poida presentar.
Traballos tutelados	
Actividades iniciais	
Obradoiro	Estas medidas serán aplicábeis tanto ao alumnado que asiste regularmente ás aulas como a aquel con dispensa académica.
Proba mixta	

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral	A53 A54 A55 A56 A57	Realizarase unha ou varias probas escritas a través de Moodle, que integrarán diferentes xeitos de comprobar se a aprendizaxe foi significativa. Para elo empregaranse diferentes tipos de probas: 1.1. Probas de resposta breve. 1.2. Preguntas tipo test. 1.3. Preguntas abertas. 1.4. Exercicios prácticos.	30



Traballos tutelados	A53 A54 A55 A56 A57 B22 C3 C8	No proceso de avaliación observaranse as seguintes normas: ? No caso de que algúns grupos contén con poucos membros, poderían unirse sen exceder o número de sete integrantes. ? O traballo escrito terá unha extensión entre 8 e 12 caras. ? Cada presentación escénica terá unha duración entre 2 e 3 minutos. ? Tanto o traballo escrito como o vídeo, serán entregados a través da plataforma informática que se indique. Os criterios de avaliación contemplarán os seguintes aspectos: ? Orixinalidade. ? Creatividade. ? Utilidade práctica e viabilidade. ? Adecuación ao currículo de Educación Infantil. ? Coherencia cos obxectivos e os contidos expostos.	30
Obradoiro	A53 A54	Ao tratarse dunha práctica en grupo, na súa avaliación terase en consideración a capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como a disposición de integrarse nun proxecto destinado á obtención de resultados. É imprescindible asistir a un mínimo de 10 prácticas correctamente realizadas para obter a cualificación de aprobado (5 puntos). A partir das 10 prácticas obligatorias sumarase 1.25 puntos por cada asistencia, podendo chegar á máxima cualificación asistindo a 14 sesiós. En casos excepcionais, poderá recuperarse algúna clase tras un previo consenso co profesorado.	10
Proba mixta	A53 A54 A55 A57	Realizaranse as seguintes probas prácticas: 1. Ditado musical (30 %) 2. Expresión vocal (35 %) 3. Expresión instrumental (35 %)	20
Prácticas a través de TIC	B1 B25	Os exercicios teóricos, prácticos e de creación musical entregaranse nos formatos dixitais correspondentes a cada caso. Valorarase o emprego correcto das ferramentas básicas de cada aplicación, o que se verificará a partir do acabado final dos traballos. Os traballos poderían abracer, entre outras, as seguintes modalidades: 1. Manexo de editores de partituras. 2. Manexo de editores de audio. 3. Deseño de exercicios de percusión corporal. 4. Realización de exercicios teórico-prácticos de linguaxe musical 5. Exercicios auditivos a partir de aplicacións pechadas ou titoriais.	10

Observacións avaliación
-------------------------



Para aprobar a asignatura é necesario obter un 5 en cada un dos apartados anteriores. No caso contrario non se fai media.

Na parte de Obradoiro, como se trata dunha interpretación instrumental grupal, o estudiante que non poida realizar as 10 prácticas mínimas obligatorias (por ser alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa académica) deberá vir á proba acompañado como mínimo de catro persoas. No caso de non ser posible isto, o discípulo examinaráse cun acompañamento instrumental das pezas en formato dixital realizado por él. En todos os epígrafes a porcentaxe da avaliación será a mesma que a do alumnado asistente, que é a que figura en cada un dos apartados das probas, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exámes como nos traballos, as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de tachaduras, etc. Todo elo suporá redución de puntos sobre a nota obtida.

Para non interferir no desenvolvemento do resto das materias, evitarase tocar instrumentos musicais nos pasillos e noutras áreas comúns da Facultade, polo que o alumnado deberá solicitar ao profesorado a reserva da aula de usos múltiples (cando sexa posible e esté libre) có fin de realizar os ensaios de frauta e da coreografía nese espazo.

En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. En caso de reiteración, daráse traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas.

Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregarase material de reciclaxe e evitarase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se emplegarán plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- ALSINA. P. (1999). El área de educación musical. Barcelona:Graó</li><li>- ALSINA, P., Díaz, M., GIRÁLDEZ, A. e IBARRETXE,, G. (2010). 10 ideas clave: El aprendizaje creativo.. Barcelona:Graó</li><li>- CHAO FERNÁNDEZ; R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad.. Vilalba: Conservatorio Municipal.</li><li>- DÍAZ, M. y RIAÑO, M. (Coords.) (2007). Creatividad en educación musical. . Santander: Servicio de Publicaciones Universidad de Cantabria. .</li><li>- DOMEQUE, M., LAGARRIGA, E. y SEGALÉS, E (1988). Audición musical. Barcelona: Teide.</li><li>- ELLIOT, D. (Ed.). (2005). Praxial Music Education: reflections and dialogues. . Oxford: University Press.</li><li>- FORRAI K., FRISS G. y OTROS. (1981). Educación musical en Hungría. (Revisión española de M. Angulo). . Madrid: Real Musical</li><li>- GARCÍA, P. y ESTEBARANZ, A. (2005). Innovación y creatividad en la enseñanza musical. . Barcelona: Octaedro</li><li>- GIRÁLDEZ, A. (Coord). (2011). Didáctica de la música. . Barcelona:Graó</li><li>- GREEN, L (2001). Música, género y educación. Madrid: Morata.</li><li>- HARGREAVES, D. (1991). Infancia y educación artística. Madrid: Morata.</li><li>- HARGREAVES, D. (1998). Música y desarrollo psicológico. Barcelona:Graó</li><li>- LEVITIN, J. (2011). Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana. . Buenos Aires. Lumen</li><li>- LINES, D. (comp.) (2009). La educación musical para el nuevo milenio. . Madrid: Morata.</li><li>- MALAGARRIGA, T. y A. VALLS. (2003). La audición musical en la Educación Infantil. Barcelona: Ceac.</li><li>- PASCUAL, P. (2006). Didáctica de la música. . Madrid: Pearson Prentice Hall</li><li>- Román-García, S. (2016). LenMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80</li><li>- Román-García, S. (2017). JalMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78</li><li>- Román-García, S. (2016). MuseScore. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76</li><li>- SANJOSÉ HUGUET, V. (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia:Piles</li></ul>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Recoméndase que os envíos dos traballos sexa telemáticamente e se non fose posible, non utilizar plásticos, elexir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Debése ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.&nbsp;Evitaráse a discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Usarase linguaxe non sexista.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías